

# Informe de la actividade “apuntámonos a non beber” en 1º eso

---

No Departamento de Debuxo colaboramos coa actividade do seguinte xeito :

\_ 1º Debatimos a cuestión do consumo de alcohol a edades tempranas e despois a calquera idade , pois deste xeito podemos tantear a verdadeira opinión do alumnado . Eles teñen moi presente o consumo de alcohol como algo cotián e contan como unha cuestión inevitable o seu futuro consumo. É unha cuestión inquietante , pois o súa opinión é , moitas veces, contradictoria( ó debate adicámoslle dúas sesións).

\_ 2º Tralo debate fixemos unha laboura crítica coa publicidade que amosan os medios de comunicación , nela incítase ao consumo de diversos xeitos , nace nestas sesión o noso enfoque contra-publicitario , reflexionando nesta cuestión démonos conta de que todo é mentira , un engano , como tantos outros , os estudantes fóron , pouco a pouco , espertando e dándose conta de que aínda de que é un mal menor( ás veces) , o beber non é sán nin bon .E facémosnos a pregunta : poderíamos prescindir da bebida no noso futuro? Ou é realmente necesaria como vía de escape na nosa sociedade? Todas estas reflexións tiveron a súa análise neste intre( adicámoslle dúas sesións).

\_ 3º É chegado o tempo do traballo práctico: no curso de dúas ou , nalgúns casos , tres sesións o alumnado estivo a preparar o seu proxecto contra-publicitario , o fixemos axudados das revistas e de internet , amosandonos uns a outros o material e as ideas , a técnica foi , maioritariamente o collage e os resultados moi satisfactorios .

## CONCLUSIÓNS :

O primeiro que nos encontramos é que o alumnado sinte o consumo de alcohol coma algo familiar e asócianno a momentos de ocio e celebracións. Está tamén asociado á idade adulta xunto con os tacos , fumar e as relacións sexuais . Para eles é , en certo modo , lóxico chegada a adolescencia unha primeira incursión en os anteditos ámbitos .

A cuestión é si é posible deslindar os vicios na súa relación coa idade adulta, mentres pensábamos nesto e reflexionábamos chegamos á conclusión que é primordial non consumir a edades tempranas , hasta ahí os nenos e nenas estiveron de acordo , pero non o estiveron ao non consumo de forma xeral . Considerando que o consumo era algo moi importante na nosa cultura. Penso que esta tan profundamente instaurado o seu consumo na nosa sociedade que polo de agora é difícil erradicalo.

Os alumnos comparaban o consumo de alcohol có do tabaco e decidían que o tabaco era mais pernicioso e que non servía para nada , e o alcohol sí , empregándose en festas , non contaminando e que só tiñamos que amosar un consumo responsable , á miña pregunta de qué é responsable, todos eles quedaban sen argumento .

Na actividade quixemos facer unha reflexión , non hipócrita do tema proposto , e un enfoque sincero dos estudantes de primeiro da ESO.

En Cedeira a 26 / 07 / 2018.

Consuelo H. Benito González .